



## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia, Juan Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez, Dolores  
Graña Rodríguez, Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.  
Rodríguez Vázquez, Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera, Jaime  
Araújo Nespereira, Pedro A.  
Bustillo Bolado, Roberto  
De Lorenzo Rodríguez, Edita  
García Señorán, María del Mar  
Lantarón Caeiro, Eva M<sup>a</sup>  
Lorenzo Cimadevila, Henrique  
Pérez Abellás, Adolfo  
Pérez Rodríguez, M<sup>a</sup> Rosa  
Pillado González, Esther  
Roca Pardiñas, Javier  
Rodríguez Berrocal, Fco. Javier  
Romo Pérez, Vicente  
Rubio Armesto, Belén  
Vázquez García, Celia

### PDI-A:

Castro Cerceda, M<sup>a</sup> Luisa  
Costas González, Xosé Henrique  
García Fontán, Soledad  
García Pino, Antonio  
García-Pintos Escuder, Adela  
González Santamaría, Pedro  
Llamas Nistal, Martín  
Meana Martínez, Juan Carlos  
Pérez Cota, Manuel  
Pou Saracho, Juan María  
Rivo López, Elena  
Vallejo Pousada, Rafael  
Vaquero Díaz, M<sup>a</sup> Beatriz

### PDI-B:

Álvarez Villamarín, Xosé Carlos  
González Jorge, Higinio  
González Santamaría, Pedro

### ESTUDANTES:

Blanco García, Adrián  
Campanini Caffaro, Micaela  
Carrillo Pérez, Rosalía  
Fernández González, Brais  
Fortes Novoa, Brais  
Martínez Rey, Adrián  
Pato Rodríguez, Santiago Eduardo  
Pereira Sánchez, Pablo

### PAS:

Cebro Rodríguez, Xan  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Martínez Gómez, César Enrique  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Fernández Alvarado, Hadrián  
González Álvarez, Dolores  
Lantarón Caeiro, Eva María

Acta da sesión ordinaria do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 6 de xuño de 2014, convocada para as 10:15 horas en primeira convocatoria e ás 10:45 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O día **6 de xuño de 2014**, ás 10,15 horas, deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 10 de marzo de 2014.
2. Informe do Reitor.
3. Elección dos membros das comisións delegadas estables do Consello de Goberno: Organización académica e profesorado; Planificación e asuntos económicos; Investigación; e Extensión universitaria e estudantes.
4. Aprobación, se procede, dos membros da Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.
5. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Producción de Investigación aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2013.
6. Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Producción de Transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2013.
7. Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento da Universidade de Vigo do exercicio 2013.
8. Aprobación, se procede, dos criterios económicos para a xestión académica do curso 2014/15.
9. Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2015/2016.
10. Aprobación, se procede, do acordo sobre recoñecemento da equivalencia das titulacións anteriores ao Real decreto 1393/2007 aos efectos do acceso aos estudos oficiais de doutoramento na Universidade de Vigo.
11. Aprobación, se procede, da modificación dos artigos 24, 38 e 44 do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.
12. Ratificación, se procede, da Resolución reitoral, de data 8 de maio de 2014, que regula o acceso ao SUG do estudantado de títulos superiores de formación profesional e do estudantado procedente doutros sistemas educativos.
13. Aprobación, se procede, da 1<sup>a</sup> edición do Curso de Especialista en Dobraxa.
14. Aprobación, se procede, da concesión de comisión de servizos.
15. Aprobación, se procede, da proposta sobre o envío ás bibliotecas dos traballos fin de grao.

16. Aprobación, se procede, das modificacións das Normas de xestión académica para titulacións de grao.
17. Aprobación, se procede, do modelo de convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo e Universidade da Coruña e (*entidade*) para a realización de prácticas de alumnos/as do Máster Universitario en (*nome do máster*).
18. Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2014/2015.
19. Aprobación, se procede, da proposta de premio extraordinario fin de carreira 2011/2012 a D. Juan Gabriel Dios Quiroga.
20. Toma en consideración, se procede, da solicitude, presentada polo Prof. Fernando de Franco Paz, de declaración de oficio de nulidade de pleno dereito do acordo da Comisión Permanente da Fac. de Dereito, do 13/06/12, sobre asignación de espazos.
21. Aceptación, se procede, da herdanza de Dna. María Alicia Crespi.
22. Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Caldas* (Colombia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de San Luis de Potosí* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de San Luis de Potosí* (México) para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a *Universidad de Cádiz* e a *Universidad de las Palmas de Gran Canaria*, para a impartición de materias do Máster interuniversitario de Oceanografía de la *Universidad de las Palmas de Gran Canaria* e a *Universidad de Cádiz* para el curso académico 2014-2015 – Convenio de colaboración entre o Consorcio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) a Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para fixar o marco de participación destas universidades membros do consorcio no mesmo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional de Tres de Febrero* – Acordo marco de cooperación entre a *Universidade Estadual de Maringá* (Brasil) e a Universidade de Vigo – Acordo específico de mobilidade estudantil entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Maringá* (Brasil) – Convenio marco de cooperación interuniversitaria entre a *Université Paul-Valéry Montpellier 3* (Francia) e Universidade de Vigo – Convenio de cooperación entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas de alumnos/as do máster propio en Psicoloxía do Deporte e da Actividade Física – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a implantación do título de Mestrado Universitario en Química pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo – Convenio de colaboración académica, científica e cultural entre a *Universidad Regional Integrada do Alto Uruguai e das Missões* (Brasil) e a Universidade de Vigo – Convenio de colaboración entre o Valedor do Pobo e os comisionados universitarios de Galicia (Tribunal de Garantías da Universidade de Vigo, Valedor da Comunidade Universitaria de Santiago de Compostela e Valedor Universitario da Universidade da Coruña) – *Cooperation framework agreement between the Universidade de Vigo and Kazakh Ablai Khan University of International Relations and World Languages* (República de Kazajistán) – *Sepecific agreement between the Universidade de Vigo and Kazakh Ablai Khan University of International Relations and World Languages* (República de Kazajistán).
23. Rogos e preguntas.

**Punto 1.** Aprobación, se procede, da acta correspondente á sesión ordinaria do 10 de marzo de 2014.

Non habendo ningunha alegación á acta, apróbase por asentimento, coa abstención do Prof. D. Manuel Pérez Cota por non estar presente na sesión correspondente á acta.

**Punto 2.** Informe do Reitor.

Toma a palabra o Sr. Reitor para informar do organigrama de goberno e da Xerencia.

O Reitor informa que propondrá diante do Consello Social a continuidade do actual xerente da Universidade de Vigo, D. Manuel Fernández Jáuregui, atendendo aos criterios de competencia profesional e de experiencia demostrados neste período.

Na actualidade estase a levar a cabo a redefinición e actualización do organigrama funcional da Universidade, co obxecto de dar cobertura aos ámbitos competenciais do goberno. Comezando pola definición das funcións da xerencia e as vinculacións de esta con cada vicerreitoría. Finalizada esta etapa, procederase a estruturar o nivel correspondente ás direccións de área. O resultado deste proceso será plasmado nun organigrama detallado que será presentado no próximo Consello de Goberno e, posteriormente, reflectirase na páxina web da Universidade.

Destaca o reitor que ata completar esta estruturación non se están a facer nomeamentos, salvo aqueles imprescindibles, como o caso da nova directora do Centro de Linguas, necesaria para cubrir o posto deixado pola actual vicerreitora de Estudantes.

Do mesmo xeito, indica que o criterio a seguir sempre para facer fronte as novas direccións de áreas será o de cubrir os requirimentos técnicos precisos para desenvolver as funcións, contando inicialmente cos activos propios da Universidade, ben sexa PAS ou PDI, e tan só recorrer a persoal externo cando non se dispoña da un propio coa cualificación axeitada.

O reitor pasa informar a continuación da xuntanza do Consello Galego de Universidades, mantida o día 26 de maio.

Nela presentáronse para a súa aprobación e implantación dezasete títulos, a pesares de estar aínda pendentes do informe final de verificación emitido pola ACSUG. O pleno do CGU acordou autorizar a implantación de dezaseis dos títulos, condicionada á obtención do informe positivo. Tamén aprobou adiar a autorización de implantación do Grao en Enxeñería Física ata que a ACSUG emita o seu informe final.

Explica o reitor que a diferenza no tratamento deste título ven derivada das reticencias amosadas no Consello por diferentes membros, mentres que no caso das outras titulacións non se presentaron dúbidas. No caso de ser positivo, o Pleno do Consello Galego volverá a reunirse para tomar unha decisión.. Na circunstancia de que o informe final da Axencia galega de calidade fose negativo, a universidade realizaría unha nova proposta de titulación para da cumprimento á sentenza xudicial que obriga a substituír os estudos de Física no Campus de Ourense.

Finalmente, o reitor comunica ao Consello de Goberno o nomeamento da nova directora do Centro de Linguas, Dna. Esperanza Rama Martínez, para cubrir a vacante deixada pola vicerreitora de Estudantes Dna. Dolores González Álvarez.

**Punto 3.** Elección dos membros das comisións delegadas estables do Consello de Goberno: Organización académica e profesorado; Planificación e asuntos económicos; Investigación; e Extensión universitaria e estudantes.

Procédese á elección de membros das comisións delegadas estables previstas no art. 16 Regulamento de Réxime Interno do Consello de Goberno (RRICG), e segundo a composición establecida no artigo 18.

Debido a algunhas dificultades na presentación de candidaturas dos membros do persoal de administración e servizos, acordouse de común acordo entre as partes, declarar desertas as prazas correspondentes a este sector e adiar a súa elección para o próximo Consello de Goberno.

Deste xeito, nas comisións de Planificación e Asuntos Económicos, Investigación e na de Extensión Universitaria e Estudantes téñense presentado tantos candidatos como postos nos sectores de Profesorado e Estudantes, o que fai innecesaria a elección. Quedan, polo tanto, tan só vacantes os postos correspondente ao sector PAS.

Na Comisión de Organización Académica e Profesorado, presentáronse seis candidaturas para cubrir os cinco postos correspondentes ao sector Profesorado, polo que a votación é necesaria neste sector. Non así no de Estudantes, no que o número de postos coincide co de candidaturas. As candidaturas presentadas no sector de Profesorado son as seguintes:

- Roberto Bustillo Bolado, (*Campus de Ourense, Ámbito Xurídico-Social*)
- Edita De Lorenzo Rodríguez, (*C. Vigo, Ámbito Tecnolóxico*)
- Juan M<sup>a</sup> Pou Saracho, (*C. Vigo, Ámbito Tecnolóxico*)
- Francisco Javier Rodríguez Berrocal, (*C. Vigo, Ámbito Científico*)
- Vicente Romo Pérez, (*C. Pontevedra, Ámbito Xurídico Social*)
- Belén Rubio Armesto, (*C. Vigo, Ámbito Científico*)

Efectuada a votación correspondente, o resultado é o seguinte:

Votos emitidos: 36 votos; Votos nulos: 0; Votos en branco: 0

- Roberto Bustillo Bolado: 25 votos
- Edita De Lorenzo Rodríguez: 29 votos
- Juan M<sup>a</sup> Pou Saracho: 5 votos
- Francisco Javier Rodríguez Berrocal: 6 votos
- Vicente Romo Pérez: 25 votos
- Belén Rubio Armesto: 28 votos

A composición das comisións delegadas queda como segue:

#### **Comisión de Organización académica e Profesorado:**

Vicerreitora de Organización académica e Profesorado: Ana M<sup>a</sup> Graña Rodríguez

##### PROFESORADO

- Roberto Bustillo Bolado
- Edita de Lorenzo Rodríguez
- Francisco Javier Rodríguez Berrocal
- Vicente Romo Pérez
- Belén Rubio Armesto

##### ESTUDANTES

- Hadrián Fernández Alvarado,
- Pablo Pereira Sánchez,

PAS: Queda 1 praza vacante

Representante do Consello Social: Federico Pérez Mato

#### **Comisión de Planificación e Asuntos Económicos**

Vicerreitor de Economía e Planificación: José Manuel García Vázquez

Xerente: Manuel Fernández Jáuregui

##### PROFESORADO

- M. Mar García Señorán
- Henrique Lorenzo Cimadevila
- M<sup>a</sup> Rosa Pérez Rodríguez
- Rafael Vallejo Pousada
- Pedro González Santamaría

##### ESTUDANTES

- Adrián Martínez Rey
- Micaela Campanini Caffaro

PAS: Queda 1 praza vacante

Representante do Consello Social: César Enrique Martínez Gómez

### **Comisión de investigación**

Vicerreitora de Investigación e Transferencia: Asunción Longo González

#### PROFESORADO

- Castro Cerceda, M<sup>a</sup> Luisa
- Llamas Nistal, Martín
- Meana Martínez, Juan Carlos
- Pillado González, Esther
- Reigosa Roger, Manuel Joaquín

#### ESTUDANTES

- Carrillo Pérez, Rosalía (Campus de Vigo. Ámbito Tecnolóxico)
- Pato Rodríguez, Santiago Eduardo (Campus de Ourense. Ámbito Xurídico-Social)

PAS: Queda 1 vacante

Representante do Consello Social: Calviño Rodríguez, Xulio

### **Comisión de extensión universitaria e estudantes**

Vicerreitor de Extensión Universitaria e RR.II.: Manuel Fernández Iglesias

Vicerreitora de Estudantes: Dolores González Álvarez

#### PROFESORADO

- Araujo Nespereira, Pedro A.
- Costas González, Xosé Henrique
- González Jorge, Higinio
- Lantarón Caeiro, Eva
- Rivo López, Elena

#### ESTUDANTES

- Blanco García, Adrián
- Fernández González, Brais

PAS: 1 vacante

Representante do Consello Social: Pérez Mato, Federico

**Punto 4.** Aprobación, se procede, dos membros da Comisión de reclamacións a prazas de profesorado contratado.

Procédese a elección de membros da Comisión de Reclamación a Prazas de Profesorado Contratado segundo o art. 26 do RRICG. Para esta comisión presentáronse cinco candidaturas consonte o devandito regulamento para cubrir os seis postos de profesorado, polo que queda unha vacante neste sector. A candidatura presentada polo profesor D. Francisco Jesús Rey Losada foi rexeitada por non presentar o aval de 10 membros de Consello de Goberno requiridos segundo o devandito artigo.

No sector Estudantes non se presentaron candidaturas para ocupar o posto deste sector na comisión, polo que queda unha vacante.

A composición da Comisión de Reclamacións a Prazas de Profesorado Contratado queda composta como segue:

#### PROFESORADO

- D. Xosé Manuel González Martínez
- M<sup>a</sup> Teresa Iglesias Randulfe
- Adolfo Pérez Abellás
- Francisco Tugores Martorell
- M<sup>a</sup> Beatriz Vaquero Diaz,
- Unha vacante

ESTUDANTES: Queda unha vacante

**Punto 5.** Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Producción de Investigación aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2013.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Investigación e Transferencia, quen presenta os criterios para a avaliación da produción de investigación, aplicables aos méritos relativos ao ano 2013, e que foron aprobados na Comisión de Investigación de 28 de maio de 2014. A vicerreitora céntrase nos cambios producidos con respecto da edición anterior (méritos de 2011 e 2012), derivados das aportacións realizadas polo PDI a través das direccións de departamento. A vicerreitora agradece as aportacións construtivas recibidas:

- No apartado de libros, mantéñense as mesmas categorías de puntuación da edición anterior, pero a clasificación realizarase en función de criterios de calidade e impacto, e nunca en función da lingua de publicación.
- No apartado de revistas, completáronse as bases de datos para realizar a clasificación, introducindo bases de datos relevantes, especialmente no ámbito das Humanidades. En tódolos casos, son bases de datos externas, de acceso público e baseadas en criterios de clasificación obxectivos.
- A vicerreitora indica que o procedemento xeral de avaliación permanece como na edición anterior con pequenas modificacións. Así, contéplase que o profesorado asociado, axudante e lector poida solicitar a avaliación dos seus méritos. Subliña tamén a responsabilidade do PDI e dos departamentos na presentación, custodia e revisión de méritos e documentación acreditativa, aínda que se suavizan as penalizacións aplicables.

Ábrese unha quenda de intervencións.

O profesor Pedro González Santamaría, valora positivamente a inclusión de determinados colectivos do sector PDI-B na valoración de méritos do ano 2013 e solicita que se artellen os mecanismos precisos para valorar os méritos de produción científica de 2011 e 2012 deste colectivo. Tamén pregunta por que non se deu resposta a algunhas solicitudes de profesores sobre este aspecto, que foron remitidas aos departamentos e á Vicerreitoría.

Responde a vicerreitora indicando que se deron resposta a todas as solicitudes recibidas dos departamentos e que non ten constancia doutros escritos.

O profesor Jaime Alonso Carrera manifesta o seu acordo en termos xerais coa proposta, pero fai unha reflexión en torno das publicacións derivadas de congresos. Considera que é correcta se se valora a divulgación, pero tratándose dunha publicación, debería seguir os mesmos criterios de calidade que os das outras publicacións.

O profesor Manuel Pérez Cota traslada a opinión de diversos departamentos, que consideran esaxerada a penalización aplicada nos casos de comunicación incorrecta.

Responde a vicerreitora que se aplica a penalización nos casos nos que resulta evidente que existe unha vontade manifesta de enganar, non nos casos de erros na presentación da documentación.

A profesora Belén Rubio Armesto expresa a súa valoración positiva, aínda que considera que existen apartados dos criterios de avaliación nos que se ponderan máis favorablemente outros ámbitos de coñecemento, por exemplo o ámbito social, que o científico, o que parece implicar que neste campo a produción é máis sinxela, non sendo certo en absoluto.

A vicerreitora indica que trasladará as suxestións realizadas á Comisión de Investigación en aras da mellora continua destes criterios de avaliación.

Apróbanse por asentimento os criterios de avaliación da Producción de Investigación aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2013 (**Anexo I**).

**Punto 6.** Aprobación, se procede, dos criterios de avaliación da Producción de Transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2013.

Introduce a vicerreitora esta proposta indicando que pretende poñer en valor e potenciar a actividade de transferencia nos diversos ámbitos, mediante un procedemento o máis sinxelo, estandarizado e transparente posible. Nesta proposta, aprobada na Comisión de Investigación de 28 de maio de 2014, mantense a avaliación das contribucións consideradas na convocatoria anterior. Introdúcense algunhas modificacións como que a lingua de publicación non será considerada determinante do nivel e un incremento nas puntuacións máximas en Creación literaria e Actividades de Transferencia Social, cultural e educativa.

O procedemento xeral de avaliación é análogo ao de produción de investigación, polo que se introduciron os mesmos cambios mencionados no punto 5.

O profesor Manuel Pérez Cota non considera axeitado que se limite a valoración dun dos puntos ao software libre. Explica a vicerreitora que a comisión considerou que no caso de software realizado para empresas xa estaba valorado noutro apartado.

O profesor Pedro González Santamaría intervén para solicitar a incorporación dos méritos dos anos anteriores do PDI-B, en termos similares os do punto anterior.

Apróbanse por asentimento os criterios de avaliación da Producción de Transferencia aplicables aos méritos correspondentes ao ano 2013 (**Anexo II**).

**Punto 7.** Aprobación, se procede, da conta de liquidación do orzamento da Universidade de Vigo do exercicio 2013.

O reitor cede a palabra ao vicerreitor de Economía e Planificación, quen realiza a presentación dos datos máis salientables da Conta de Liquidación presentada.

Indica que se acada un aforro bruto orzamentario positivo de 11.347.308 €, así coma un superávit orzamentario de 8.789.323 €. Explica que o resultado do exercicio e extraordinario e excepcional debido a dous aspectos:

- No referido aos ingresos, polo cumprimento por riba das expectativas do inicialmente estimado (éxito da Universidade na captación de fondos competitivos e mellora na financiación da Xunta de Galicia polo reparto competitivo dos fondos do Plan de Financiamento.

- No referido aos gastos, pola non execución de accións previstas. Isto é debido ao propio ritmo de execución do CINBIO e do CAMPUS do MAR pero, sobre todo, porque a tardía concesión do proxecto TACTICA (15 de decembro 2013) non permitiu iniciar a execución do mesmo. Debido a que se executará nos exercicios 2014 e 2015, é previsible que as contas de liquidacións do orzamento deses exercicios presentará cifras menos positivas.

Destaca que debido a este resultado positivo, xa acadado no exercicio 2012, a Universidade de Vigo é a única do SUG que non está suxeita a un plan de sustentabilidade.

O Vicerreitor de Economía e Planificación cede a palabra ao xerente, quen detalla as contas de liquidación empregando unha presentación power point explicativa, que se achega como **Anexo III**, e resume que, eliminando os efectos excepcionais xa comentados, mantense a tendencia de contas equilibradas entre ingresos e gastos, a ausencia de débedas con entidades financeiras e a dispoñibilidade de recursos propios suficientes para non ter dificultades nin de financiación, nin de tesourería.

Ábrese unha quenda de intervencións, na que o profesor Rodríguez Berrocal indica que os colectivos críticos non votan este documento de contas, xa que se trata dun traballo técnico, non político. Pregunta se a conta de liquidación pasou pola Comisión de Planificación e Asuntos Económicos.

Responde o vicerreitor que por obriga legal debe remitirse á Xunta de Galicia antes do 30 de xuño do 2014, dado que a comisión ven de ser nomeada neste Consello de Goberno, e tendo en conta que se trata dunha comisión delegada do mesmo, presentouse directamente á súa aprobación. Preguntado pola data da anterior comisión económica, responde que se reuniu antes do Claustro do 29 de maio, polo que tampouco se podían ter aprobado.

Indica o profesor Rodríguez Berrocal ao xerente que a presentación é suficientemente clara, aínda que debería incluír as contas das entidades participadas CUSA, CITE XVI e FUVI.

Responde o xerente que a presentación é un resumo e que no informe completo están todas presentadas, sendo a documentación accesible. Nas auditorías realizadas non houbo comentarios. Resume indicando que é o primeiro ano no que todas teñen resultado positivo, amosando liñas de traballo consolidadas, polo que indica, cumpren a súa función e o seu obxectivo.

Non habendo outras interpelacións, apróbase a conta de liquidación do orzamento da Universidade de Vigo do exercicio 2013 (**Anexo IV**).

**Punto 8.** Aprobación, se procede, dos criterios económicos para a xestión académica do curso 2014/15.

O reitor cede a palabra ao xerente para a presentación dos criterios a aplicar. O xerente indica que son idénticos aos do ano anterior, manténdose o pagamento fraccionado da matrícula, o sobrecoste por non pagamento nos prazos establecidos e o importe fixo por gastos de tramitación na anulación de matrícula.

Intervén o Sr. Pereira Sánchez en representación dos estudantes, quen explica os problemas que xorden cando solicitan as bolsas do MEC, xa que non poden solicitar pago fraccionado e, se lle denegan a bolsa, acaban tendo que pagar recargos. Solicita que se poida facer ese fraccionamento.

Explica o xerente que o problema xurde cos alumnos que presentan recurso pola concesión das bolsas, dado que o MEC resolve estes recursos en abril, polo que o fraccionamento en 6 pagos non é posible, xa que se prolongarían no curso seguinte. Polo que o que se realiza na actualidade é fraccionar o pago nos prazos que quedan dispoñibles no curso. Indica que, nestes casos, o servizo de alumnado avisa ós interesados para que vaian comezando o pago fraccionado e se finalmente o recurso é favorable, se procede á devolución dende a universidade.

Intervén o Sr. Fortes Novoa, representante dos estudantes, propoñendo un prazo máis no fraccionamento así como a revisión dos criterios de recargo por anulación e de penalización por impago, que consideran excesivos.

O Sr. Fernández González, representante dos estudantes, insiste en que nos se comprende o 10% de recargo para os que pagan nun único pago cando lle denegan a bolsa. Indica que na UCM adiose o último prazo de pagamento ata setembro.

Responde o vicerreitor lembrando que a Uvigo é a universidade que ten máis prazos de fraccionamento, e que a necesidade de presentación das contas no prazo esixido non permite incrementar este número de prazos, mantendo o seu espazamento. Explica que a penalización por impago no prazo correspondente é necesario para manter o propio sistema de fraccionamento do pago. Aclara que segundo o informe do Consello Galego de Universidades, a Uvigo reduciu cerca dun 40% os impagos, demostrando que o sistema está a funcionar. E recalca que estas medidas inclúen a non anulación da matrícula, que causaría máis dificultades aos estudantes. Indica a posibilidade de revisar o importe dos 30 euros para posteriores cursos académicos. Tamén indica as súas reservas de que se poida adiar o pago ata setembro que que a lei de facenda da CCAA impón unhas normas temporais concretas.

O reitor confirma a vontade do equipo de goberno de favorecer no posible aos alumnos con dificultades económicas, polo que se estudará o problema en función do número de afectados, para ver que medidas poden artellarse.

O profesor Pérez Cota, comenta o problema que teñen os alumnos estranxeiros para efectuar os pagos de matrícula, que debe ser realizado por transferencia. Solicita que poida realizarse mediante tarxeta de crédito.

Responde o xerente que ese sistema xa está habilitado. Pero a dificultade xurde con algúns países, que limitan o importe para saída de divisas.

Finalizada a rolda de intervencións, apróbanse por asentimento os criterios económicos para a xestión académica do curso 2014/15 (**Anexo V**), cos compromisos de realizar un estudo da trazabilidade destas medidas, revisar a contía do pago por anulación e valorar a posibilidade de adiar o derradeiro pago ata setembro.

A representante dos estudantes Sra. Carrillo Pérez manifesta a súa abstención na votación.



**Punto 9.** Aprobación, se procede, do calendario e o procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2015/2016.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que, como norma xeral, non se implantarán novas titulacións de grao, máster ou doutoramento no curso 2015/16, e tan só excepcionalmente, poderán presentarse propostas de títulos de grao, cando xurdan dunha modificación, fusión ou reorganización da actual oferta de titulacións. Igual excepcionalidade se considera para as propostas de títulos de máster e doutoramento: modificación, fusión ou reorganización da actual oferta de titulacións ou que se trate de iniciativas de interese estratéxico para a institución.

As respectivas propostas de calendarios e procedementos correspondentes aos títulos de grao, máster e doutoramento, figuran no **Anexo VI**.

A vicerreitora presenta as liñas básicas do procedemento proposto, así como da documentación que deberá ser aportada coas solicitudes (Memoria para a solicitude de verificación; Memoria xustificativa do cumprimento de requisitos xerais; Memoria económica, realizada pola vicerreitoría; Certificación do acordo do consello de Goberno e Consello Social).

Informa de que a documentación debe ser enviada á Xunta antes do 14 de novembro, o que non garante a implantación no curso 15/16, xa que segundo indicacións da Xunta só se implantarán os títulos con verificación definitiva e autorización previa á data de oferta de prazas que sinale o ministerio.

Intervén o Prof. Araújo Nespereira para solicitar que, xa que se posibilita unha excepcionalidade na presentación de titulacións, se abra un apartado para respectar o artigo 41.a dos Estatutos (en relación coas funcións dos Consellos de Campus). Pregunta tamén acerca do grao de modificación considerado para a aprobación.

Responde a vicerreitora indicando que é a ACSUG quen decide, non a Universidade.

O profesor Reigosa Roger realiza unha reflexión xeral e manifesta o seu desacordo sobre como se están a realizar os cambios acordados en Bolonia a nivel estatal e na universidade. Expón que a política de restrición na oferta de másteres dificulta a captación de estudantes estranxeiros, e limita aos propios da Uvigo, polo que cre que debe tentarse ampliar a implantación de titulacións ao máximo posible. Pregunta se o interese estratéxico para a institución é consonte co plano estratéxico da Uvigo, aprobada no Claustro, ou se refire a iniciativa do equipo de goberno. Pregunta tamén se as ofertas serán avaliadas pola COAP.

Responde a vicerreitora indicando que a actual oferta da Universidade, no entorno de 70 títulos, é suficientemente ampla, aínda que a distribución por ámbitos tal vez non sexa óptima. O interese estratéxico da Universidade inclúese para non perder oportunidades que poden aparecer e sería valorada como tal polo Consello de Goberno.

Tras finalizar a quenda de intervencións, apróbanse por asentimento o calendario e o procedemento para a aprobación de propostas e de modificacións de titulacións (**Anexo VI**), coas abstencións dos profesores Araújo Nespereira, Reigosa Roger e Pérez Abellás.

**Punto 10.** Aprobación, se procede, do acordo sobre recoñecemento da equivalencia das titulacións anteriores ao Real decreto 1393/2007 aos efectos do acceso aos estudos oficiais de doutoramento na Universidade de Vigo.

O reitor cede a palabra ao director en funcións da EIDO, quen explica en primeiro lugar as condicións regulares de acceso aos estudos de doutoramento (grao + máster) e o acceso mediante unha titulación previa ao EEES, coa condición de ter cursados 300 ECTS dos que 60 debería ter nivel equivalente a máster.

O prof. García Pino destaca as dificultades de establecer estas equivalencias pola non existencia dunha táboa oficial. Aínda que está anunciado un decreto ministerial para regular esta cuestión, non existe. Por outra banda, indica a existencia dunha demanda social que afecta aos estudos de doutoramento, e tamén ao recoñecemento de niveis profesionais para o exercicio no mercado laboral europeo por parte de titulados/as de titulacións anteriores ao EEES. Diante destas carencias de regulación, o Ministerio emitiu

unha nota informativa en outubro de 2013, outorgando ás universidades a capacidade de regular as equivalencias aos únicos efectos do acceso aos estudos de doutoramento.

Deste xeito, como xa fixeran outras universidades, sométese a este Consello de Goberno a proposta que consta na documentación, emanada da Comisión Permanente da EIDO, celebrada o 22 de maio pasado. Basicamente permite recoñecer 60 ECTS de nivel equivalente a máster para titulacións previas ao EEES que teñan segundo ciclo.

Ábrese unha quenda de intervencións, na que toma a palabra a alumna Bettiana Hidalgo, que asiste a este Consello de Goberno como invitada para participar no punto 11 da orde do día, para indicar que con esa nova normativa alumnos como ela, que se viron obrigados a facer un máster para poder acceder ao doutoramento, poderían ter accedido directamente.

Responden o director en funcións da EIDO e o reitor para sinalar que a responsabilidade non corresponde á Universidade, senón ao ministerio que non fixo os axustes correspondentes no seu momento.

Intervén un profesor membro do Consello de Goberno indicar que esta situación é consecuencia da implantación do sistema Bolonia sen facer o recoñecemento dos créditos previos. Pregunta pola casuística que se pode presentar e se o recoñecemento vaise facer titulación por titulación. Tamén cuestiona se se trata dunha normativa interuniversitaria ou non.

Aclara o prof. García Pino que vaise realizar expediente por expediente valorando os créditos que teña en cada caso. Explica tamén que, polo de agora, cada universidade elabora a súa normativa. A posteriori intentárase un recoñecemento mutuo, comezando polas universidades galegas.

O prof. Reigosa Roger agradece a intervención do director da EIDO e aclara que esta modificación non implica que sobre o máster, polo que pide claridade cando se explique.

Intervén o prof. Henrique Lorenzo para solicitar que a EIDO teña en conta eses créditos de máster no caderno de doutoramento do alumno, e indica a lentitude por parte da universidade de Vigo, xa que outras elaboraron antes as súas normativas.

Bettiana Hidalgo agradece ese recoñecemento no doutoramento.

Pregunta a profesora García Señorán se este recoñecemento afectaría aos estudantes estranxeiros, responde o directo da EIDO indicando que os estudantes estranxeiros teñen o seu propio sistema de acceso, polo que afecta só aos estudantes do sistema español.

O reitor agradece as intervencións e as suxestións recibidas.

Apróbase por asentimento (**Anexo VII**).

**Punto 11.** Aprobación, se procede, da modificación dos artigos 24, 38 e 44 do Regulamento de estudos de doutoramento da Universidade de Vigo.

O director da EIDO explica que a normativa de permanencia limita a matrícula simultánea en máis dunha titulación na Universidade de Vigo, xa que a matrícula a tempo completo non pode exceder de 75 ECTS. Por outro lado, ao non existir equivalencia oficial en ECTS dos estudos de doutoramento, o regulamento da Universidade de Vigo estableceu o cómputo de 60 ECTS para aplicar criterios de simultaneidade de estudos. Isto impide a un estudante de doutoramento cursar máis de 15 créditos dunha titulación pendente.

O acceso ao doutoramento require unicamente de 60 ECTS de máster, cando existen másteres que teñen 90 ECTS, deste xeito, ao termo do primeiro ano, os estudantes poderían matricularse de doutoramento, pero debido a limitación de créditos non poderían rematar o máster que lles deu acceso. Isto produce ademais o retraso no acceso ás becas predoutorais. Esta situación foi trasladada á Comisión Permanente da EIDO que, reunida o 22 de maio, decidiu propoñer Consello de Goberno a modificación do artigo 24 do regulamento de estudos de doutoramento. A modificación establece unha excepcionalidade no cómputo dos ECTS de doutoramento, para que os estudantes podan rematar a titulación de máster que lles deu acceso, sempre que lle resten menos de 30 ECTS para terminar a mesma.

Continúa o director da EIDO sinalando que no ano 2013 modificouse mediante real decreto, o sistema de cualificacións da tese doutoral, establecendo que as cualificacións sexan NON APTO, APROBADO, NOTABLE e SOBRESAÍNTE, en vez de APTO e NON APTO. Compre polo tanto realizar a modificación do artigo 38 do regulamento de estudos de doutoramento, que quedaría adaptado á nova

normativa vixente. Como consecuencia do anterior é necesario modificar o artigo 44 do regulamento sobre premios extraordinarios, para establecer como requisito de participación na convocatoria ter unha cualificación de SOBRESAINTE CUM LAUDE en vez de APTO CUM LAUDE. Tamén propónse suprimir a avaliación numérica da tese, prevista para a convocatoria de premios extraordinarios e que era necesaria no sistema anterior. Existindo no sistema actual unha escala máis detallada nas cualificacións, carece de sentido. Polo tanto a Comisión Permanente da EIDO propón suprimir o parágrafo que se indica na documentación.

Na quenda de intervencións, solicita a palabra a alumna Bettiana Hidalgo. Explica a secretaria xeral que foi invitada como promotora dunha recollida de sinaturas solicitando a solución desta situación de imposibilidade de simultanear o 2º curso de máster cos estudos de doutoramento. A alumna agradece a invitación e solicita aclaración sobre a modificación proposta do artigo 24, no sentido de se os 45 ECTS computados para cumprir coa normativa de permanencia, contan como 60 ECTS para bolsas. Consulta tamén sobre a entrada en vigor da modificación

Responde o director da EIDO confirma que o cómputo será de 60 ECTS para as bolsas e que as modificacións entrarán en vigor para o próximo curso.

Intervén o representante dos estudantes Sr. Pato Rodríguez, para indicar que determinados programas de doutoramento esixen complementos de formación que os másteres non ofertan. Pregunta se estes complementos poderían matricularse no ano seguinte porque excederían os 75 ECTS que indica a normativa de permanencia.

Responde o Director da EIDO indicando que habería que estudalo administrativamente.

Intervén o profesor Pérez Cota para preguntar se a proposta do tribunal para a concesión de da cualificación Cum Laude segue a ser en voto secreto. O prof. García Pino aclara que o RD modificado do Ministerio mantén este procedemento.

Apróbase por asentimento (**Anexo VIII**).

**Punto 12.** Ratificación, se procede, da Resolución reitoral, de data 8 de maio de 2014, que regula o acceso ao SUG do estudiantado de títulos superiores de formación profesional e do estudiantado procedente doutros sistemas educativos.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Organización Académica e Profesorado, quen explica que a LOMCE establece cambios para o acceso a universidade.

Para o estudiantado procedente do bacharelato español estes cambios non se producirán ata o curso 2017/18. Sen embargo para as persoas procedentes de Técnico Superior de FP, Artes plásticas e deseño e Técnico deportivo superior así como para estudantes estranxeiros as universidades deben establecer os requisitos de acceso.

No SUG acordouse propoñer un sistema común que xa foi aprobado recentemente pola USC e a UDC e que se presenta hoxe para a súa ratificación no Consello de Goberno.

A vicerreitora presenta a resolución reitoral que pode resumirse como:

O estudiantado procedente dos títulos de técnico superior e o procedente de bacharelato internacional ou países con convenio que estean en condicións de acceso á universidade no seu lugar de orixe poderá realizar, se o desexa, a parte específica das PAU para así acadar unha nota de ata 14 puntos en condicións de igualdade co estudiantado procedente do bacharelato español.

O estudiantado procedente de países sen convenio ou que non estea en condicións de acceso á universidade no seu lugar de orixe deberá realizar as PAU do mesmo xeito que o procedente do bacharelato español.

Apróbase por asentimento (**Anexo IX**).

**Punto 13.** Aprobación, se procede, da 1ª edición do Curso de Especialista en Dobraxo.

A vicerreitora de Organización Académica e Profesorado lembra que as primeiras edicións dos títulos propios de especialista deben ser aprobados en consello de goberno, e deste xeito preséntase a

memoria do Curso de Especialista en Dobrax, curso que foi proposto pola Facultade de Filoloxía e Tradución e ten unha carga de 20 créditos. A memoria presentada cumpre con todos os requisitos e foi aprobada pola COAP o 14 de abril de 2014.

Na rolda de intervencións toma a palabra o representante dos estudantes Sr. Fortes Novoa para solicitar que se faga o posible para que os alumnos da escola de arte dramático podan acceder como alumnos deste curso. Insta tamén a universidade a que as Escolas Superior de Arte Dramático de Galicia sexa adscrita á Universidade de Vigo e que se recoñeza o título de grao.

Responden a vicerreitora e o reitor explicando que esa decisión non depende da universidade, senón da Consellería de Educación e Cultura, da que depende este centro.

Apróbase por asentimento a primeira edición do Curso de Especialista en Dobrax.

**Punto 14.** Aprobación, se procede, da concesión de comisión de servizos.

A vicerreitora de Ordenación académica e profesorado indica que se recibiu solicitude de comisión de servizos a favor do profesor Fernando Varas Mérida por parte da Universidade Politécnica de Madrid. Conta co informe favorable do departamento de Matemática Aplicada II ao que este profesor pertence, polo que cumpre todos os requisitos.

Apróbase por asentimento.

**Punto 15.** Aprobación, se procede, da proposta sobre o envío ás bibliotecas dos traballos fin de grao.

O reitor cede a palabra á vicerreitora de Ordenación Académica e Profesorado, quen explica que na sesión do 12 de maio de 2014 da comisión de biblioteca da universidade se puxo de manifesto o problema que provocan os TFG que están sendo enviados á Biblioteca, tanto pola dificultade para a súa integración nos recursos bibliotecarios, como os derivados do seu almacenamento e catalogación. Esta comisión propón que os centros se doten de procedementos para que estes traballos permanezan nos mesmos.

Na quenda de intervencións, toma a palabra o profesor Reigosa Roger que suxire a inclusión destes traballos nun repositorio.

Responde a vicerreitora que os TFG están avaliados, pero non son sometidos posteriormente a unha corrección rigorosa destes traballos polo que non poden ser considerados fontes de información fiable

A representante dos estudantes, Micaela Campanini, pregunta se de trasladarse aos centros deixarían de ser accesible ós alumnos. Responde a vicerreitora indicando que continuarían sendo accesibles aos alumnos do propio centro.

Brais Fernández González pregunta se os TFG xa depositados na biblioteca serán devoltos aos centros.

Os profesores Bustillo Bolado e Araújo Nespereira indican que se o problema é o espazo, esta solución simplemente trasládao aos centros.

Responde a vicerreitora que non é tan só problema de espazo, senón de catalogación ante o elevado número de exemplares que se reunirían na Biblioteca central. Non haberá unha dotación extra para a súa xestión nos centros, xa que se trata dunha materia máis, polo que os centros a deben asumir como tal.

A profesora Edita de Lorenzo lembra que os TFC xa estaban sendo custodiados nos centros.

Apróbase por asentimento, coa abstención de dos profesores Araújo Nespereira, Bustillo Bolado e a alumna Micaela Campanini.

**Punto 16.** Aprobación, se procede, das modificacións das Normas de xestión académica para titulacións de grao.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral, quen presenta dúas propostas de modificación das Normas de xestión académica:

- Con respecto da actuación no caso de impago dos prezos públicos das ensinanzas, existen indicacións diferentes en dúas normativas, nas “Normas de xestión académica para titulacións de grao reguladas polo Real Decreto 1393/2007” dispónse que procederá a anulación total de matrícula, mentres que as resolucións reitorais de convocatorias de matrícula dende o curso 2010-11, nun intento de frear o impacto da crise económica no alumnado establecen que o impago dos prezos públicos dará lugar á suspensión temporal dos dereitos como estudante e, no seu caso, ao arquivo da matrícula. Co obxecto de unificar ambas normas propónse a modificación do título II das “Normas de xestión académica para titulacións de grao reguladas polo Real Decreto 1393/2007” no punto 2.2 eliminando da mesma o impago como causa da anulación total da matrícula.

- A segunda modificación é relativa ao apartado que regula as actas dos TFG. Explica a secretaria xeral que o procedemento para a realización do traballo de fin de grao dispón a posibilidade de que os estudantes realicen a defensa do seu traballo en distintos momentos que poden ser distantes no tempo. Este feito, unido á normativa actual que establece que para cada materia haberá unha única acta final na que aparecerá todo o alumnado matriculado na materia, está a ocasionar prexuízos aos estudantes, xa que limita a posibilidade de obter a certificación supletoria do título para incorporarse ao mercado laboral aos alumnos que superaron o TFG que deben esperara á superación dos estudantes que estivesen que incluídos na acta única. Coa finalidade de que as actas dos TFG sexan individuais propónse a modificación do apartado c) do artigo 5 das “Normas de xestión académica para titulacións de grao reguladas polo Real Decreto 1393/2007” no senso reflectido na documentación achegada.

Intervén a profesora Belén Rubio preguntando polo inicio da aplicación destas modificacións. Responde a secretaria xeral que están previstas para iniciarse no curso 14-15, aínda que poderá estudiarse as consecuencias do inicio da aplicación da normativa de actas individuais de TFG neste curso.

Intervén o profesor Reigosa Roger, quen comenta os problemas que teñen os alumnos cando realizan a defensa do TFG antes de coñecer as cualificacións das outras materiais, xa que no caso de suspender unha delas materia, non pode cualificarse en acta o TFG, debendo volver a matricularse.

Explica a secretaria xeral que se teñen recibido reclamacións neste sentido e os centros deben artellar os procedementos para que non se produza. Para o cal se fixeron as correspondentes modificacións no calendario.

Apróbanse por asentimento as modificacións propostas ás normativas de xestión académica (**Anexo X**).

**Punto 17.** Aprobación, se procede, do modelo de convenio de colaboración entre a Universidade de Santiago de Compostela, Universidade de Vigo e Universidade da Coruña e (*entidade*) para a realización de prácticas de alumnos/as do Máster Universitario en (*nome do máster*).

A secretaria xeral expón que nos últimos anos incrementouse considerablemente o número de convenios de colaboración para a realización de prácticas de alumnos de mestrados universitarios en empresas e institucións. A necesidade de dispor dun informe favorable da Asesoría Xurídica, sobrecarga este servizo e retrasa a sinatura dos convenios de prácticas. Por iso sométese á consideración do Consello de Goberno un modelo de convenio entre as universidades galegas, xa valorado pola asesoría, co fin de que sexa utilizado de base. Un modelo igual a este Convenio xa foi aprobado polos Consellos de Goberno das Universidades de Santiago de Compostela e da Coruña.

Apróbase por asentimento o modelo de convenio (**Anexo XI**).

**Punto 18.** Aprobación, se procede, do calendario académico para o curso 2014/2015.

A secretaria xeral fai a presentación da proposta do calendario académico que será de aplicación para o Centro Universitario da Defensa Escola Naval Militar de Marín, onde se imparte o Grao en Enxeñaría Mecánica. Fai mención das peculiaridades deste centro no que se combina a formación universitaria e militar que fan necesario un calendario propio con límites moi estritos que non poden ser modificados.

Presenta as características básicas do calendario para as titulacións de grao, posgrao e titulacións que se extinguen. Indica que o borrador inicial foi difundido entre os decanos e directores de centro para a súa revisión, e foron incorporadas a meirande parte das suxestións realizadas polos centros. A secretaria xeral agradece a participación e as aportacións recibidas.

Explica a secretaria xeral as principais diferenzas con respecto do calendario do curso anterior, introducidas para ofrecer aos centros maior liberdade para organizar a docencia das titulacións que imparten. Así establécese que o curso comeza o 1 de setembro pero os centros poden comezar as actividades académicas noutra data, previa comunicación á Secretaría Xeral, para adaptarse ás necesidades de matrícula.

Amplíanse os prazos de rexistro na aplicación informática das cualificacións nas actas e da súa entrega ao máximo, polo que os centros deberán procurar que sexan respectados para non interferir cos outros procesos (períodos de matriculación, p. ex.).

O período para o rexistro de actas da convocatoria de “Fin de carreira” esténdese entre o 1 de setembro e o 10 de novembro, co obxecto de que os centros fixen as datas para a realización das probas de avaliación das materias convencionais e se proceda ao rexistro das actas na aplicación informática, antes de proceder a avaliación dos TFG.

Na rolda de intervencións unha profesora solicita que se especifiquen os centros que fixeron suxestións. A secretaria xeral indica que foron Facultade de Ciencias Xurídicas e do Traballo, Escola de Enxeñaría de Minas, Escola de Enxeñaría Industrial, Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, Escola Superior de Enxeñaría Informática e Escola de Fisioterapia.

O representante de alumnos, Brais Fernández, indica que a realización das probas de selectividade en setembro impedirá comezar as clases o 1 de setembro. Responde a Secretaria xeral que por iso ábrese a posibilidade de que os centros adíen o comezo da actividade no primeiro curso, para reducir estes problemas.

O estudante Santiago Pato e a profesora García Señorán poñen de manifesto o pequeno prazo que hai entre o límite de rexistro de actas das materias e o límite de cualificación para os TFG.

Explica a secretaria xeral que os marxes están ampliados ao máximo e deben ser os centros os que definan datas intermedias para garantir que os profesores entregan as actas a tempo de poder realizar a defensa dos TFG.

Intervén a profesora Edita de Lorenzo para indicar que se trata dun calendario de máximos e serán os centros os que deban adaptalo.

Apróbase por asentimento os calendarios académicos para o Centro Universitario da Defensa Escola Naval Militar de Marín e o calendario para as titulacións de grao, posgrao e titulacións que se extinguen (**Anexo XII**).

**Punto 19.** Aprobación, se procede, da proposta de premio extraordinario fin de carreira 2011/2012 a D. Juan Gabriel Dios Quiroga.

Cede o reitor a palabra á secretaria xeral, quen explica que no curso académico 2011/2012 foille concedido ao alumno D. Jonathan Rodríguez González o premio extraordinario Fin de Carreira na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación. Na convocatoria do curso seguinte, apareceu proposto novamente o mesmo alumno, como primeiro candidato. Dita duplicidade é debida ás datas de finalización dos estudos do alumno (setembro 2012) fai que na aplicación XESCAMPUS apareza situado nos dous cursos académicos.

Feita a consulta á Asesoría Xurídica, verificase que o premio concedido inicialmente non lle correspondería por non reunir os requisitos necesarios. Comunicado esta situación ao alumno, renuncia ao premio extraordinario correspondente ao curso 2011/2012. O tribunal encargado de valorar os expedientes

para a concesión dos premios propón a D. Juan Gabriel Quiroga como candidato para esa convocatoria. E esta proposta é a que se presenta diante do Consello de Goberno para a súa aprobación.

Apróbase por asentimento.

**Punto 20.** Toma en consideración, se procede, da solicitude, presentada polo Prof. Fernando de Franco Paz, de declaración de oficio de nulidade de pleno dereito do acordo da Comisión Permanente da Fac. de Dereito, do 13/06/12, sobre asignación de espazos.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen explica que o profesor D. Fernando de Franco Paz, Prof. Titular de Dereito Civil, presentou un escrito no que se solicitaba que se declarase de oficio a nulidade de pleno dereito do acordo da Comisión Permanente da Facultade de Dereito de data 13-06-2012 sobre asignación de espazos da Facultade. Fundamentando a súa solicitude en base ao artigo 62.1 da lei de Procedemento administrativo.

A secretaria xeral fai un resumo do proceso de reordenación de espazos no edificio Xurídico-Empresariáis que comezou en decembro de 2009, intentando agrupar as materias en módulos comezando paulatinamente e prolongándose ata 2014, como pode verificarse na documentación presentada neste claustro. Os traslados foron acordados en diversas Xuntas de Facultade e Comisións Permanente e acordadas e comunicadas aos profesores de diversas formas.

Diante da reclamación presentada polo Prof. D. Fernando de Franco Paz, solicitouse informe a Asesoría Xurídica que dictaminou que a Xunta de Centro é competente para a distribución dos espazos no Centro, segundo o artigo 43 dos Estatutos da Universidade de Vigo. Tampouco aprecia que conorra arbitrariedade no procedemento seguido, segundo a documentación e informe emitido polo Decano da Facultade de Dereito.

Polo que enténdese que todo o proceso de asignación de espazos está xustificado, e que non concorre ningún dos supostos do artigo 62 da Lei de Procedemento Administrativo que faga os acordos adoptados nulos de pleno dereito, polo que se propón que se acorde a inadmisión a trámite da solicitude presentada por D. Francisco Franco Paz.

Exprésase o seu desexo de absterse o profesor Roberto Bustillo por formar parte da comisión permanente que participou no proceso de distribución de espazos e na comunicación cos profesores implicados. Na mesma liña o vicerreitor do Campus de Ourense explica a súa abstención neste punto por formar parte do equipo directivo do centro en condición de vicedecano de Planificación e Calidade, no momento en que dende a Fac. de Dereito (día 7 de abril de 2014) se emite informe sobre este asunto a instancia da Secretaría Xeral.

Apróbase por asentimento a inadmisión a trámite da solicitude presentada.

**Punto 21.** Aceptación, se procede, da herdanza de Dña. María Alicia Crespi.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen resume o proceso comezado o 31 de maio de 2012, cando Dña. María Alicia Crespi finou deixando entre os seus herdeiros á Normal de Mestras de Pontevedra, na actualidade Facultade de Ciencias da Educación e do Deporte da UVigo. Explica que o 18 de febreiro de 2013 a Xerencia da universidade de Vigo resolveu iniciar o expediente de aceptación da herdanza, aceptando a herdanza o Consello de Goberno do 13 de xuño de 2013. Posteriormente dítase Resolución Reitoral na que se resolve aceptar a beneficio de inventario a herdanza e nomear aos letrados da universidade para que actúen como representantes da UVigo nos actos que procedan relativos á partición da herdanza.

A secretaria xeral explica que tras sucesivas xuntanzas para acordar as particións, a Universidade correspondeulle o lote número 3, composto por un piso en Madrid, 2 prazas de garaxe e 2 trasteiros en Pontevedra e valores mobiliarios. A valoración total do lote é de 367.097 euros.

Sométese agora ao Consello de Goberno a aceptación da herdanza, para á súa remisión posterior ao Consello Social, e solícitase tamén que o consello de Goberno autorice ao Reitor para apoderar notarialmente aos letrados da Universidade de Vigo, Dña M<sup>a</sup> José Pousa Crespo e D. Andrés Dapena Paz,

para actuar no nome da Universidade de Vigo nos actos de aceptación da herdanza de Dna. Alicia Crespi González.

Apróbase por asentimento.

**Punto 22.** Aprobación, se procede, dos seguintes convenios: – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad de Caldas* (Colombia) – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de San Luis de Potosí* (México) – Convenio específico de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Autónoma de San Luis de Potosí* (México) para o intercambio de estudantes – Convenio de colaboración entre a Universidade de Vigo, a *Universidad de Cádiz* e a *Universidad de las Palmas de Gran Canaria*, para a impartición de materias do Máster interuniversitario de Oceanografía de la *Universidad de las Palmas de Gran Canaria* e a *Universidad de Cádiz* para el curso académico 2014-2015 – Convenio de colaboración entre o Consorcio Instituto Tecnolóxico de Matemática Industrial (ITMATI) a Universidade da Coruña, Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para fixar o marco de participación destas universidades membros do consorcio no mesmo – Convenio marco de colaboración entre a Universidade de Vigo e a *Universidad Nacional de Tres de Febrero* – Acordo marco de cooperación entre a *Universidade Estadual de Maringá* (Brasil) e a Universidade de Vigo – Acordo específico de mobilidade estudantil entre a Universidade de Vigo e a *Universidade Estadual de Maringá* (Brasil) – Convenio marco de cooperación interuniversitaria entre a *Université Paul-Valéry Montpellier 3* (Francia) e Universidade de Vigo – Convenio de cooperación entre a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo para a realización de prácticas de alumnos/as do máster propio en Psicoloxía do Deporte e da Actividade Física – Convenio de colaboración entre as universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo para a implantación do título de Mestrado Universitario en Química pola Universidade da Coruña, a Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de Vigo – Convenio de colaboración académica, científica e cultural entre a *Universidad Regional Integrada do Alto Uruguai e das Missões* (Brasil) e a Universidade de Vigo – Convenio de colaboración entre o Valedor do Pobo e os comisionados universitarios de Galicia (Tribunal de Garantías da Universidade de Vigo, Valedor da Comunidade Universitaria de Santiago de Compostela e Valedor Universitario da Universidade da Coruña) – *Co-operation framework agreement between the Universidade de Vigo and Kazakh Ablai Khan University of International Relations and World Languages* (República de Kazajistán) – *Sepecific agreement between the Universidade de Vigo and Kazakh Ablai Khan University of International Relations and World Languages* (República de Kazajistán).

Apróbanse por asentimento.

### **Punto 23.** Rogos e preguntas.

Intervén o profesor Rodríguez Berrocal para expresar un rogo ao reitor, que non caia a tentación de gobernar en función de criterios propios ou de persoas afíns, xa que ten percibido que se romperon canles de diálogo para poder facer aportacións construtivas. Pon como exemplos que entre os membros do Consello de Goberno nomeados polo reitor, tan só un é da oposición. Lamenta tamén que houbera eleccións para a COAP e non estea representado o director da EEI.

Responde o reitor que neste período vai contar con todos. Que se constata unha perda de comunicación debido á propia indefinición da oposición, non hai unha única plataforma. Aclara que nos membros nomeados para o Consello de Goberno escolléronse representantes de centros que non estaban e o director da EEI a maiores.

O profesor Rodríguez Berrocal solicita información acerca da titulación de Ciencias Policiais, diante das informacións aparecidas na prensa.

Aclara o reitor que esta titulación desenvolveuse entre 2006 e 2009. Con posterioridade a esa data apareceron as denuncias que se foron respondendo de maneira concreta. Consonte ao informe emitido pola Asesoría Xurídica abriuse unha información reservada, que chegou o venres pasado. Nestes momentos está na Asesoría xurídica para a súa valoración, posteriormente farase un ditame á luz de este informe. Comenta



tamén que o informe do valedor do pobo que a prensa publicitou o venres pasado, recibíuse oficialmente na UVigo onte.

Intervén o profesor Reigosa Roger para indicar a resposta da universidade no caso dos afectados polo título de Ciencias policiais e detective privado debe ser coidadosa e máis rápida para evitar a influencia no alumnado. Solicita unha aclaración sobre o acontecido no Consello de Universidades con respecto a aprobación dos títulos propostos e a diferenza de tratamento de Enxeñería Física.

O reitor repite que esta diferenza de tratamento xurdiu polas obxeccións presentadas por algúns membros do CGU. Explica que súa posición clara en contra de esta diferenciación. Pero o acordo final foi adiar a votación da implantación do título de Enxeñería Física ata recibir o informe positivo da ACSUG

Intervén o alumno Brais Fortes para preguntar polo estado do estudo a prol de retirada do Honoris Causa a don Julio Fernández Gayoso.

O reitor cede a palabra á secretaria xeral quen explica que se fixeron consultas a diversas universidades e tan só se recibiu resposta clara dunha delas. Estase dando os primeiros pasos para desenvolver un protocolo que permita actuar en tódolos casos nos que poida existir unha conduta impropia que comprometa o prestixio da universidade.

O alumno Brais Fortes solicita a adhesión da universidade á declaración polo día internacional do orgullo lésbico, gai, transexual, bisexual e intersexual. Solicita que o reitor dea lectura o 27 de xuño ao texto da declaración, como xa se acordou noutras universidades.

Responde o reitor que non ten inconveniente, que faga chegar o texto á secretaria xeral para a súa consideración.

Reitera Brais Fortes o interese pola situación das ensinanzas artísticas.

Aclara o reitor que xa se ten reunido cos directores dos centros. Pero estas escolas dependen da consellería de educación e, polo tanto, é competencia desta consellería, da Xunta de Galicia, a posibilidade da súa adscrición ás universidades. Xa se está aumentando a colaboración con esas escolas en diversas titulacións.

Pregunta o representante de alumnos Brais Fernández pola modificación do regulamento de permanencia, se vaise abrir un prazo para a súa modificación

Responde o reitor que cando volva a vicerreitora de Estudantes, a mediados de xuño, tratarán este tema cos representantes dos alumnos no Claustro, e definirán que temas son necesarios modificar nas normativas e establecer un calendario tentativo para empezar a traballar, para discutir posteriormente cos centros e traelo para a súa aprobación no Consello de Goberno e Claustro.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14:10 horas do día 6 de xuño de 2014 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.

O Reitor



Salustiano Mato de la Iglesia

A Secretaria Xeral



Gloria M. Pena Uris



UNIVERSIDADE  
DE VIGO

## LISTA DE ASISTENTES

### EQUIPO DE GOBERNO:

Corbacho Valencia Juan Manuel  
Fernández Jáuregui, Manuel  
García Vázquez, Xosé Manuel  
González Álvarez Dolores  
Graña Rodríguez Ana María  
Longo González, M<sup>a</sup> Asunción  
Mato de la Iglesia, Salustiano  
Pena Uris, Gloria M.  
Rodríguez Vázquez Virxilio

### DECANOS/DIRECTORES:

Alonso Carrera Jaime  
Araújo Nespereira Pedro A.  
Bustillo Bolado Roberto  
De Lorenzo Rodríguez Edita  
García Señorán María del Mar  
Lantarón Caeiro Eva M<sup>a</sup>  
Lorenzo Cimadevila Henrique  
Pérez Abellás Adolfo  
Pérez Rodríguez M<sup>a</sup> Rosa  
Pillado González Esther  
Roca Pardiñas Javier  
Rodríguez Berrocal Fco. Javier  
Romo Pérez Vicente  
Rubio Armesto Belén  
Vázquez García Celia

### PDI-A:

Castro Cerceda M<sup>a</sup> Luisa  
Costas González Xosé Henrique  
García Fontán Soledad  
García Pino Antonio  
García-Pintos Escuder Adela  
González Jorge Higinio  
González Santamaría Pedro  
Llamas Nistal Martín  
Meana Martínez Juan Carlos  
Pérez Cota Manuel  
Pou Saracho Juan María  
Rivo López Elena  
Vallejo Pousada Rafael  
Vaquero Díaz M<sup>a</sup> Beatriz

### PDI-B:

Álvarez Villamarín Xosé Carlos  
González Jorge Higinio  
González Santamaría Pedro

### ESTUDANTES:

Blanco García Adrián  
Campanini Caffaro Micaela  
Carrillo Pérez Rosalía  
Fernández González Brais  
Fortes Novoa Brais  
Martínez Rey Adrián  
Pato Rodríguez Santiago Eduardo  
Pereira Sánchez Pablo

### PAS:

Cebro Rodríguez, Xan  
Mollinedo Lois, Carlos  
Pérez Gómez, Luis

### CONSELLO SOCIAL:

Martínez Gómez, César Enrique  
Pérez Mato, Federico

### SINDICATOS:

### DESCULPAN A SÚA AUSENCIA:

Fernández Alvarado Hadrián  
González Álvarez, Dolores  
Lantarón Caeiro, Eva María

Acta da sesión extraordinaria constituínte do Consello de Goberno da Universidade de Vigo, do 6 de xuño de dous mil catorce, convocada para as 9:30 horas en primeira convocatoria e ás 10:00 horas en segunda, na Sala de Xuntas da Reitoría.

O venres día **6 de xuño de 2014**, ás 10,05 horas, deu comezo a sesión extraordinaria constituínte do Consello de Goberno co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1. Constitución do Consello de Goberno.
2. Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria constituínte do día 6 de xuño de 2014.

Preside a sesión o Reitor, D. Salustiano Mato de la Iglesia, e actúa como secretaria a Secretaria Xeral, Dna. Gloria M. Pena Uris.

### Punto 1. Constitución do Consello de Goberno.

O reitor procede á lectura dos membros de Consello de Goberno, de acordo coa relación que figura no **anexo I**.

Deste xeito dáse por constituído o Consello de Goberno e o Reitor procede a dar a benvinda a todos os membros do mesmo.

**Punto 2.** Aprobación, se procede, da acta da sesión extraordinaria constituínte do día 6 de xuño de 2014.

Apróbase por asentimento.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 10,14 horas do día 6 de xuño de 2014 da que eu como Secretaria Xeral dou fe co visto e prace do Reitor.



O Reitor

Salustiano Mato de la Iglesia



A Secretaria Xeral

Gloria M. Pena Uris